



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Tesourería - Recadación

SAF outubro 2022

ANUNCIO

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE OCTUBRE DE 2022

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de novembro de 2022 aprobouse o padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de OCTUBRE de 2022, na modalidade de prestación básica e dependencia.

O padrón expónse ao público para a súa notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, durante o prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello. Durante este prazo, o expediente estará a disposición dos interesados na oficina de Recadación Municipal.

Contra as liquidacións incorporadas ao padrón os interesados poderán interpor recurso de reposición ante a Alcaldía, segundo o artigo 14.2 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes, desde o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta.

O prazo de cobro en período voluntario será de dous meses desde o fin do prazo de exposición pública. A carga dos recibos domiciliados producirase o primeiro día do período voluntario de ingreso.

Rianxo, 23 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente

Adolfo Muiños Sánchez, Alcalde do Concello de Rianxo

2022/7397